


O AMIANTO É MORTAL (I):

- Información básica
- Trámites administrativos que hai que cumprir para realizar traballos nos que está presente o amianto



AUTORA: Lucía Ferrón Vidán

Técnica superior en Prevención de Riscos Laborais e doutora en Bioloxía

INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

QUE É O AMIANTO?

O termo amianto (castelán) ou asbesto (inglés) procede do grego e significa indestrutíbel ou inextinguíbel, facendo referencia ás propiedades destas fibras minerais.

Chámaselle amianto a un grupo de minerais de orixe natural e de natureza fibrosa. As distintas formas de amianto poden pertencer ao grupo das serpentinas ou ao dos anfíboles.

Dentro do primeiro grupo atópase o crisótalo (amianto branco); e forman parte do segundo, a crocidolita (amianto azul), a amosita (amianto marrón), a antofilita, a tremolita e a actinolita, entre outros.

POR QUE É PERIGOSO?

As fibras do amianto pódense romper en fibras moi pequenas que non se poden observar a simple vista. De se inhalaren estas fibras desprendidas do amianto (longas e delgadas) pódense depositar nos pulmóns e os mecanismos de defensa do noso organismo non son capaces de degradalas con facilidade. Isto pode traer co-


mo consecuencia enfermidades pulmonares, fundamentalmente cancro, sobre todo cando isto ocorre de modo repetitivo ao longo dos anos.

A presenza de materiais que conteñen amianto nos locais ou lugares de traballo non indica directamente unha situación de risco. O amianto non é un gas, un vapor ou unha substancia radioactiva e as súas fibras non se desprenden de forma natural senón que é necesario que se produza unha manipulación ou alteración dos devanditos materiais para que teña lugar a liberación e a emisión das fibras. Os materiais con amianto poden seguir instalados e en uso mentres dure a súa vida útil, conforme á normativa, e non serán causa de risco por exposición a fibras de amianto, sempre que se conserven en bo estado e se manteñan axeitadamente.

Aínda que é coñecido que o amianto azul e o amianto marrón son máis perigosos que

o branco **todos os tipos de amianto poden ser perigosos.** Está comprobado que o amianto branco tamén pode ocasionar cancro. A identificación adecuada do tipo de amianto débese facer no laboratorio.

A exposición a fibras de amianto debe evitarse xa que na actualidade non existen probas científicas que permitan establecer límites de exposición seguros. Así e todo, cantas máis fibras de amianto foren inhaladas, maior será o risco para a saúde.



Cortesía da American Society of Clinical Oncology



ENFERMIDADES QUE PRODUCE


Respirar fibras de amianto de calquera tipo pode provocar principalmente unha destas tres enfermidades para as que non se coñece cura e que adoitan ser mortais:

Asbestose: as fibras que chegan ao pulmón deixan cicatrices nel e estas cicatrices fan que non funcione normalmente o que se traduce en serias dificultades respiratorias. É unha

enfermidade irreversible que pode avanzar incluso despois de que cese a exposición ao amianto, mesmo pode chegar a orixinar a morte.

Cancro de pulmón: os traballadores expostos ao amianto teñen máis posibilidades de padecer cancro de pulmón. Esta posibilidade vese incrementada cando o traballador é fumador.

Mesotelioma: chámase así ao cancro que pode afectar á pleura (fina membrana fibrosa que rodea os pulmóns), ao peritoneo (a membrana dupla e lisa que recobre o interior da cavidade abdominal) e máis raras veces, ao pericardio (membrana que rodea o corazón). É un tipo de cancro tipicamente relacionado coa exposición ao amianto.



ONDE SE ADOITA ATOPAR O AMIANTO?

As excelentes propiedades que presenta o amianto (illantes, mecánicas, químicas, de resistencia á calor, ás lapas e á degradación biolóxica) e o seu

A inhalación de fibras de amianto **non produce ningún efecto nocivo inmediato**, o que fai que non se adquira conciencia do perigo. Normalmente transcorre un longo período de tempo desde a primeira exposición ata que aparece a enfermidade. Este período pode variar desde 15 ata 60 anos. Xa que as maiores cotas de utilización do amianto se acadaron na década dos 70 espérase que o número de casos de cancro de pulmón e mesotelioma sexa máximo en toda Europa en torno ao ano 2020, decrecendo despois o que se deu en chamar a epidemia.

Os expertos estiman en 500.000 as mortes que se producirán en Europa nos próximos 30 anos debidas ao amianto, das que entre 40.000 e 55.000 corresponderánlle a España.



relativo baixo custo, explican a grande utilización deste material ao longo do século XX.

Utilizouse en numerosas aplicacións industriais, e na composición de moitísimos produtos ou acabados industriais. En canto

Exemplos de materiais friables		Exemplos de materiais non friables	
Material	Uso	Material	Uso
Revestimento proxectado (pode conter ata un 85% de amianto)	Illamento térmico e acústico, e protección contra o lume e a condensación	Fibrocemento (entre 10-15% de amianto)	Chapa ondulada para cubertas, cisternas e depósitos, tubos de presión para redes de auga potable, depósitos, cisternas, baixantes, caneiros, xardineiras etc.
Calorifugado e empaquetaduras (poden conter entre un 1% e un 100% de amianto)	Illamento térmico de caldeiras, canalizacións de fluídos a altas temperaturas e outros	Teas asfálticas (amianto mesturado con betume) (aproximadamente un 5% de amianto)	Tellados semirrixidos, impermeabilizantes baixo tellas, chapas cobrexuntas, forros de caneiros etc.
Taboleiros illantes de amianto (poden conter entre un 16% e un 40% de amianto)	Protección contra o lume, illamento térmico e acústico, e traballos de construción en xeral	Materiais para pavimentos (ata un 25% de amianto)	Baldosas termoplásticas, papel de amianto usado como base en pavimentos de PVC
Tecidos, para a confección de mantas, colchóns, panos ignífugos, luvas, mandís, monos de traballo etc. (poden conter ata un 100% de amianto)	Fundicións, laboratorios, cociñas, teatros etc.	Plásticos reforzados (entre un 5 e un 10% de amianto).	Paneis plastificados e revestimentos externos de PVC

a sectores, o seu uso estivo moi estendido na construción (protección ignífuga, paneis acústicos, calorifugado, baldosas e chans, placas de falso teito, fibrocemento, pinturas, asfaltos e masillas), industria téxtil (traxes illantes, mangueriras, guantes, cortinas) e fabricación de medios de transporte (automóviles, trens, barcos, avións). Tamén cómpre salientar un sector que engloba a todas aquelas profesións que poden estar en contacto co amianto ao facer labores de **mantemento e reparación** como son os albañeís, electricistas, carpinteiros, fontaneiros e traballadores de mantemento en xeral.

En España, o período da súa máxima utilización foi o comprendido entre os anos 1960 e 1984. Os materiais con amianto que máis se usaron foron o fibrocemento (77%), illamentos e calorifugacións (4%), empaquetaduras e cartóns (5%), ele-

mentos de fricción, recambios e filtros (3%) e outros (11%). A partir do ano 1965 ata finais do ano 1990, a maioría dos edificios construídos en España conteñen amianto nalgún dos materiais empregados.

CANDO PODE HABER EXPOSICIÓN?

Aínda que está prohibida a fabricación, comercialización e utilización de calquera produto que conteña amianto, segue estando presente en diferentes construcións e materiais anteriores á súa prohibición.

As intervencións e traballos máis frecuentes nas que os traballadores están ou poden estar expostos a fibras de amianto son os que están relacionados coa demolición, retirada e eliminación ou reparación e mantemento nos

que están implicados materiais que o conteñen.

Algúns materiais con amianto tenden a liberar fibras ao ambiente con máis facilidade ca outros e polo tanto o seu manexo poderá supor un maior risco de exposición. A facilidade para liberar fibras vai depender fundamentalmente:

■ **do danado que estea o material: canto máis degradado liberará fibras con máis facilidade. En xeral canto maior sexa a súa porcentaxe de amianto, con máis facilidade se degradará un material co paso do tempo e dependendo das condicións ás que estivera sometido.**

■ **da consistencia da mestura do amianto co material que o contén: así fálase de material friable cando pode liberar fibras de amianto con facilidade por ser unha mestura pouco consistente.**

A manipulación de materiais friables e/ou danados podería supor polo tanto un maior risco de exposición e haberá que extremar as medidas preventivas.

PROHIBICIÓNS

A Directiva 1997/77/CE da Unión Europea prohibiu a utilización de todo tipo de amianto a partir do 1 de xaneiro de 2005 (en España xa estaba prohibida a súa comercialización e utilización desde o 14/06/2002 pola Orde ministerial do 7/12/2001). Ademais, a Directiva 2003/18/CE prohibiu a extracción de amianto e a fabricación e procesado de produtos de amianto. Isto supón que estea prohibida a

exposición a fibras de amianto nestas industrias primarias. Con todo, aínda persiste o problema nas actividades de eliminación, demolición, revisión e mantemento.

LEXISLACIÓN ACTUAL

A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, determina no seu artigo 6 que serán as normas regulamentarias as que fixarán e concretarán os aspectos máis técnicos das medidas preventivas a través de normas mínimas que garantan a adecuada protección dos traballadores.

Esta finalidade é a que persegue o **Real decreto 396/2006, do 31**

de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto, que incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2003/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de marzo de 2003.

Este real decreto, vixente desde o 11 de outubro de 2006, adaptou a nosa normativa en relación á protección dos traballadores fronte aos riscos derivados da exposición laboral ao amianto e corrixiu a dispersión e complexidade da regulación española sobre esta materia. Constitúe polo tanto a **norma mínima legal** en relación ao amianto.

TRÁMITES ADMINISTRATIVOS PARA PODER TRABALLAR CON AMIANTO

INSCRIBIRSE NO REXISTRO DE EMPRESAS CON RISCO POR AMIANTO (RERA):

As empresas que quixeren realizar actividades ou operacións que impliquen a manipulación de materiais que conteñen amianto **deben inscribirse no RERA**.

Porén, pódense realizar algúns traballos nos que estea implicado o amianto sen inscribirse no RERA cando se trate de exposicións de pouca intensidade, nas que se comprobe claramente que non se vai superar o valor límite legal de exposición ao amianto no ambiente e estas sexan esporádicas. Normalmente, o material implicado que contén amianto vai ser material non friable. Para que se poida aplicar esta exención tense que tratar ademais dalgún destes casos:

■ **actividades curtas e descontinuas de mantemento durante as cales só se traballe con materiais non friables,**

■ **retirada sen deterioración de materiais non friables,**

■ **encapsulación e selaxe de materiais en bo estado que conteñan amianto, sempre que estas operacións non impliquen risco de liberación de fibras, e**

■ **vixilancia e control do aire e toma de mostras para detectar a presenza de amianto nun material determinado.**

O baixo risco nestes traballos sempre queda condicionado a que se executen utilizando prácticas de traballo axeitadas, de feito, o non se ter que inscribir no RERA non exime doutras obrigas legais centradas na protección dos traballadores entre as que cómpre salientar as da avaliación e control do ambiente de traballo, as de información e formación aos traballadores e a aplicación de

medidas técnicas e organizativas de carácter preventivo para reducir a exposición ás fibras de amianto.

A maioría dos traballos con amianto van necesitar que a empresa estea inscrita no RERA.

Para tramitar a solicitude de inscrición no RERA hai que cubrir o modelo de impreso do anexo III do Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, e dirixilo aos órganos correspondentes da autoridade laboral do territorio onde estean as instalacións principais da empresa. Na nosa comunidade autónoma isto faise por medio dos centros provinciais de seguridade e saúde laboral pertencentes ao Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a eles debe dirixirse a devandita solicitude (os enderezos pódese atopar na páxina web do ISSGA: http://www.issga.es/html/public/oissga_localizacion.php

As empresas que estean inscritas no RERA deben comunicar á mesma autoridade laboral á cal dirixiron a inscrición calquera variación nos datos da empresa no prazo de 15 días. Isto poden facelo cubrindo de novo a ficha que figura no anexo III do RD 396/2006. Cando a empresa non vaia continuar desenvolvendo as actividades que motivaron a súa alta no rexistro convén que se dea de baixa nel dirixíndose tamén á mesma autoridade laboral que tramitou a alta.

As empresas que antes da entrada en vigor do RD 396/2006 estiveran inscritas no RERA de varias comunidades autónomas deben manter a **inscrición só na comunidade autónoma na que radiquen as súas instalacións principais** e deben solicitar a baixa no rexistro da/as comunidade/es autónoma/as que non correspondan.

ELABORAR UN PLAN DE TRABAJO QUE DEBE APROBAR A AUTORIDADE LABORAL

Antes do comezo de cada traballo con risco de exposición ao amianto, a non ser que se trate do tipo de traballos para os que non é necesario a inscrición no RERA, é imprescindible que o empresario elabore un plan de traballo.

Que debe conter?

Este documento debe describir, dun xeito pormenorizado, a acción que se quere levar a cabo, a metodoloxía que se vai seguir, e as medidas de prevención e protección técnicas e organizativas necesarias para que o traballo se realice en condicións de mínima exposición. O artigo 11.2 do RD 396/2006, do 31 de marzo, indica con detalle todo o que debe especificar este plan de traballo.

Cada traballo require a presentación dun plan específico. Só cando se trate dun tipo de actividade que se realice con frecuencia e para a que existan procedementos de traballo estandarizados, o plan de traballo poderá referirse ao presentado con anterioridade no tocante aos datos que permanezan inalterados; deste xeito simplifícase a documentación a presentar. Neste caso fálase de plans de traballo sucesivos.

Onde hai que presentalo?

Cada plan de traballo debe ser aprobado pola autoridade laboral (ben sexa específico ou se trate de plans sucesivos) do lugar no que se vaian realizar os traballos antes de que comecen. Para isto o empresario debe presentar o plan nos órganos correspondentes da autoridade laboral e esta dispón de 45 días hábiles para resolver. Se a empresa estiver inscrita no RERA dunha comunidade autónoma diferente da que se vaian realizar os traballos débese presentar tamén a ficha correspondente de inscrición no RERA.

Na nosa comunidade autónoma os plans de traballo diríxense, igual cás solicitudes de inscrición no RERA, ao Centro de Seguridade e Saúde Laboral (CSSL) do ISSGA da provincia que lle corresponda.

Aínda que se indique unha data de inicio dos traballos prevista ou estimada no propio plan de traballo, logo de que este sexa aprobado deberá comunicárselle á autoridade laboral a data exacta de comezo. Recoméndase que esta comunicación

se faga por fax e polo menos dous días antes ao CSSL ao que se lle dirixiu o plan.

Sempre que o empresario contrate ou subcontrate a realización de traballos en que poida haber exposición ao amianto deberá comprobar que os contratistas ou subcontratistas contan co correspondente plan de traballo. A empresa contratista ou subcontratista, logo de ser aprobado o plan pola autoridade laboral, debe enviarlle unha copia deste á empresa principal.

Ademais de consultar aos representantes dos traballadores na súa elaboración, unha vez aprobado o plan haille que entregar unha copia aos delegados de prevención ou, se non os houber, aos representantes legais dos traballadores.

Que é un plan único de carácter xeral?

A nosa lexislación contempla a posibilidade de que se presente un único plan xeral en lugar dun plan por cada traballo. A normativa di textualmente que isto só se poderá facer cando se trate de "...operacións de curta duración con presentación irregular ou que non se poidan programar con antelación, especialmente nos casos de mantemento e reparación". Tamén incide en que este plan debe actualizarse se cambian as condicións de execución dos traballos.

Entre os traballos que non se poden programar con antelación inclúense as actuacións en caso de emerxencia (incendios, declaracións de ruína inminente, inundacións...) que esixen unha resposta inmediata. Poderían responder tamén a este

tipo de plan aqueles traballos relacionados con intervencións ou retirada de pequenas cantidades de materiais con amianto en traballos de fontanería, electricidade ou albanearía ou a retirada de pequenas cantidades de materiais non friables (anacos de canalizacións, placas de fibrocemento...) en obras de construción. Correspóndelle en todo caso á autoridade laboral que vaia aprobar o plan decidir se o tipo de traballos que se van realizar poden ser considerados obxecto dun plan único.

Este tipo de plans presentaranse para a súa aprobación á autoridade laboral do territorio da comunidade autónoma na que estean as instalacións principais da empresa que o vai executar. Na nosa comunidade autónoma este tipo de plans tamén se dirixen ao CSSL da provincia onde estean as instalacións principais da empresa.

Igual que cando se aproba un plan específico, no caso dun plan único tamén se deberá comunicar a data de comezo de cada traballo á autoridade laboral do territorio onde se vaia executar. Como no caso dos plans específicos, recoméndase que se faga mediante fax e cunha antelación mínima de dous días. Se os traballos se van desenvolver na nosa comunidade autónoma a comunicación dirixirase aos CSSL da provincia que lle corresponda. A información relativa ás condicións reais da execución que non se puideran especificar no documento inicial do plan de traballo único deberase comunicar cando se coñezan estes datos e sempre antes da execución dos traballos.

QUE HAI QUE FACER CANDO REMATEN OS TRABALLOS CONTEMPLADOS NO PLAN DE TRABALLO?

O empresario debe cubrir as **fichas para o rexistro de datos de avaliación da exposición** consonte o modelo que figura no anexo IV do RD 396/2006, do 31 de marzo e enviárllelas á autoridade laboral que lle aprobara o plan de traballo. Se se tratar dun plan de traballo único enviarallas, antes do final do ano, á autoridade laboral do lugar onde estea rexistrada a empresa.

O médico responsable da vixilancia sanitaria dos traballadores debe enviarlle á autoridade sanitaria do lugar onde estea rexistrada a empresa as

fichas para o rexistro de datos sobre a vixilancia sanitaria específica dos traballadores consonte o modelo que figura no anexo V do RD 396/2006, do 31 de marzo debidamente cubertas. Na nosa comunidade autónoma deben dirixirse ás delegacións provinciais da Consellería de Sanidade cuxos datos se poden atopar neste enderezo web <http://guiacomunicacion.xunta.es/consellaria-sanidade>

Tantos os datos de avaliación e control ambiental como os de exposición dos traballadores e os

datos referidos á vixilancia sanitaria específica dos traballadores débense conservar polo menos durante corenta anos despois de que finalice a exposición. Se a empresa cesar na súa actividade estes datos enviaránselle á autoridade laboral.

O empresario debe manter un arquivo coa seguinte documentación:

■ **Ficha de inscrición no RERA**

■ **Plans de traballo aprobados pola autoridade laboral**

■ **Fichas para o rexistro de datos de avaliación da exposición**

■ **Fichas para o rexistro da vixilancia sanitaria específica dos traballadores**

LEMBRA QUE:

- Respirar fibras de amianto pode orixinar enfermidades pulmonares (entre elas o cancro) con consecuencias mortais.
- Estas enfermidades poden tardar en manifestarse entre 15 e 60 anos. Non se percibe ningún efecto inmediato logo de respirar as fibras.
- Aínda que o amianto está prohibido pódese atopar en moitas construcións e materiais anteriores á súa prohibición.
- Mentres as fibras non pasen ao ambiente por mor da manipulación ou alteración do material que contén o amianto, non existe risco ningún para a saúde.
- Os traballadores poden estar expostos ao amianto sobre todo en tarefas de demolición, retirada, eliminación ou reparación e mantemento cando están implicados materiais que o conteñen.
- A lexislación actual obriga as empresas que queiran realizar traballos en que estea presente o amianto a cumprir con diferentes trámites administrativos, entre eles a inscribírense no Rexistro de Empresas con Risco por Amianto (RERA) e a elaboraren un plan de traballo que debe ser aprobado pola autoridade laboral.

NORMATIVA

- Directiva 1997/77/CE da Comisión do 26 de xullo de 1999 pola que se adapta ao progreso técnico por sexta vez o anexo I da Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (amianto). Diario Oficial da Unión Europea (DO L 207 do 06.08.1999) <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:1999:207:0018:0020:ES:PDF>

- Directiva 2003/18/CE do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de marzo de 2003 pola que se modifica a Directiva 83/477/CEE do Consello sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao amianto durante o traballo. Diario Oficial da Unión Europea (DO L 97 do 15.04.2003). <http://eur-lex.europa.eu/LexUriServ/LexUriServ.do?uri=OJ:L:2003:097:0048:0052:ES:PDF>
- Real decreto 396/2006, do 31 de marzo, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde aplicables aos traballos con risco de exposición ao amianto. Boletín Oficial del Estado (BOE núm. 86 do 11 de abril de 2006). http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2006/05/01/pdfs/A00781-00795.pdf

BIBLIOGRAFÍA

- CALLEJAS, M.J. (2001). Guía para los trabajadores de amianto. Unión General de Trabajadores. Ed. Comisión Ejecutiva Confederal de UGT. <http://www.ugt.es/slaboral/guiadelamianto.pdf>
- Folleto informativo da “Campaña europea contra el amianto 2006: ¡El amianto es mortal!, preven- ga la exposición”. Comité de Altos Responsables de las Inspecciones de Trabajo de la Comisión Europea. Ministerio de Trabajo y asuntos Sociales. http://www.mtas.es/itss/web/Sala_de_comunicaciones/Noticias/Archivo_Noticias/2006/09/04.html
- CASANOVAS, X; TRUJILLO, L. y FREIXA, A. (2004). NTP 632. Detección de amianto en edificios (I). Aspectos básicos. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/601a700/ntp_632.pdf
- Asbestos: Medical guidance note. Medical guidance note MS 13. HSE Books (fourth edition) 2005 ISBN 0-7176-2952-X. <http://www.hse.gov.uk/pubns/ms13.pdf>
- FREIXA, A; DE MONSERRAT, J y COLOMER, J. (2006). NTP 707: Diagnóstico de amianto en edificios (I):situación en España y actividades vinculadas a diagnóstico en Francia. Instituto Nacional de Seguridad e Higiene en el Trabajo. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales. http://www.insht.es/InshtWeb/Contenidos/Documentacion/FichasTecnicas/NTP/Ficheros/701a750/ntp_707.pdf
- The control of asbestos regulations 2006. A guide for safety representatives. HSE. <http://www.hse.gov.uk/asbestos/repsguide.pdf>
- Guía de buenas prácticas para prevenir o minimizar los riesgos del amianto en los trabajos en los que esté presente (o pueda estarlo), destinada a empresarios, trabajadores e inspectores de trabajo. Comité de altos responsables de la inspección de trabajo (SLIC). COMISIÓN EUROPEA Dirección General de Empleo, Asuntos Sociales e Igualdad de Oportunidades (2006). http://www.mtas.es/itss/web/Sala_de_comunicaciones/Noticias/Archivo_Noticias/2006/09/04.html
- LOSILLA, J.C. Trabajos con riesgo de exposición al amianto. Boletín Informativo nº 10, diciembre de 2007. Asociación de Antiguos Alumnos. Escuela Universitaria Politécnica de Almadén. Universidad de Castilla-la Mancha. http://www.uclm.es/cr/EUP-ALMADEN/aaa eup a/boletin_10.asp